- ❖ Na MVT, indícase que as lingua empregadas no proceso formativo serán castelán, galego e inglés. Non se fixo no curso 2013-2014 pero, como se indicou previamente, para o curso 2014-2015 se ofertaron 3 materias en inglés. Polo tanto, no futuro, no perfil de ingreso poderase indicar o idioma inglés como unha competencia lingüística.
- ❖ Un aspecto a mellorar sería coordinar axeitadamente os prazos de matrícula co calendario académico e adoptar medidas que solucionen as alteracións detectadas en relación á incorporación do alumnado de primeiro como consecuencia das PAAU. Esta recomendación da ACSUG é especialmente importante para a Facultade de Química á hora de planificar os calendarios de Prácticas de Laboratorio do primeiro curso. O número de matriculados está continuamente variando durante o mes de Setembro, onde xa se iniciaron as actividades académicas. Debe facerse unha reflexión e establecer propostas de mellora que se poidan adoptar a nivel de centro, para resolver a disfunción entre as datas de matrícula e o inicio do curso, xa que isto supón un prexuízo para o alumnado afectado.
- ❖ En xeral, o perfil de ingreso recomendado é acorde co perfil de ingreso real do alumnado matriculado no título. Tal e como se indicou nos apartados anteriores (Descripción e Xustificación do título) os novos matriculados proveñen da orientación apropiada do Bacharelato. O resto proceden de Formación Profesional, de ramas tales como Laboratorio de Análise e Control de Calidade, Química Ambiental e formación profesional Sanitaria. Todos eles perfís recomendados na MVT. Na seguinte gráfica detállase, para o curso 2013-2014, o indicador **IN03G-PC-05** (Matrícula de novo ingreso):

Nome	1º Factor	2º Factor	Resultado	Límite
<b>TOTAL</b>	140	--	140	
PAAU	124	--	124	
Formación Profesional	7	--	7	
Maiores de 25 anos	0	--	0	
Maiores de 40 anos	0	--	0	
Maiores de 45 anos	0	--	0	
Titulados	0	--	0	
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado...)	0	--	0	
Validación parcial de estudos estranxeiros	0	--	0	
Continuación de estudos (traslado)	1	--	1	
Adaptación desde plans en extinción	7	--	7	
Non aplica	1	--	1	
Sen asignar	0	--	0	

- ❖ Na seguinte táboa resúmense os indicadores más importantes relacionados co Acceso e Admisión de Estudiantes

Indicador	Nome	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
<b>IN06G-PC-05</b>	Nota media de acceso por preinscripción	6,60	7,12	7,41	7,70	<b>7,68</b>
<b>IN07G-PC-05</b>	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	66,67	76,92	79,07	85,71	<b>87,12</b>
<b>IN08G-PC-05</b>	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados	0	0	0,28	0,22	<b>0,76</b>
<b>IN09G-PC-05</b>	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	1,65	0,83	0,55	0,66	<b>0,95</b>
<b>IN10G-PC-05</b>	Relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	-	43,2	46,4	56,8	<b>52,0</b>
<b>IN12G-PC-05</b>	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudios sobre prazas ofertadas	79,2	104,0	102,4	100,8	<b>105,6</b>

- ❖ Como dato positivo destacar que o indicador **IN06G-PC-05** mostra que a nota media de acceso por inscripción foi aumentando nos sucesivos cursos de implantación do Grao. A seguinte gráfica permite ver esta evolución:



- ❖ Outro dato moi positivo e ligado ó anterior é que o indicador **IN07G-PC-05** demostra un incremento significativo do porcentaxe de estudiantes que acceden a titulación cunha nota superior a 6 pasando do 67% no curso 2009-2010 ó 87% no curso 2013-2014.
- ❖ Sen embargo os indicadores **IN07G-PC-05** e **IN07G-PC-05** inciden na necesidade de internacionalización do Grao en Química. A presenza de novos estudiantes de fóra de Galicia é praticamente anecdótica. Probablemente a crise económica e o descenso no número de bolsas dificulta a mobilidade de estudiantes. A potenciación de novos convenios con outras universidades e a presenza en foros nacionais e internacionais debería mellorar o resultado destes indicadores.
- ❖ Os indicadores más ligados ó perfil de acceso son moderadamente positivos. Así o **IN10G-PC-05** que nos dá a porcentaxe de estudiantes preinscritos en 1<sup>a</sup> opción matriculados por 1<sup>a</sup> vez sobre as prazas ofertadas mostra un lixeiro aumento cos cursos, estabilizándose nos cursos 2012-2013 e 2013-2014 en torno ó 55%. No próximo informe de seguimento deberemos prestar atención a este indicador para ver si o lixeiro descenso no último curso é unha tendencia.
- ❖ Con respecto a enquisa de satisfacción dos egresados (2013) coa xestión académica da USC (**INF.09**) os resultados non poden ser moi significativos xa que se fixeron unicamente en base a 3 cuestionarios.

### Satisfacción dos/as egresados do título coa xestión académica da USC

Solicitude de información previa			Media curso
			3,00
Oficina de Información Universitaria	Resultou clara.....		3,00
	Resultou de grande axuda.....		3,00
	O trato recibido foi amable.....		-
Unidade de Xestión Académica	Resultou clara.....		3,00
	Resultou de grande axuda.....		2,00
	O trato recibido foi amable.....		2,50
Web da USC	Resultou clara.....		2,50
	Resultou de grande axuda.....		2,50
	Foi fácil de atopar.....		2,50

Escala de valoración desde 1(Nada de acordo) ata 5(Moi de acordo)

### BOAS PRÁCTICAS

- Reflexionar e proponer accións que se poidan adoptar a nivel de centro, para resolver a disfunción entre as datas de matrícula e o inicio do curso, xa que isto supón un prexuízo para o alumnado afectado.
- Análise por parte das comisións de Título e Calidade da evolución dos indicadores de acceso e admisión de estudiantes nos últimos cursos.

### PROPOSTAS DE MELLORA:

- Necesidade de avaliar a satisfacción dos novos estudiantes no Grao en Química, en relación ao proceso de acceso e admisión.
- Aumento da internacionalización do Grao en Química mediante a firma de novos convenios con outras universidades.
- Obter maior información dos egresados do Grao en Química mediante mecanismos de consulta externos e internos (enquisas propias) para avaliar a xestión académica do Centro e da USC.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
5. Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitud de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Planificación da ensinanza” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusóns:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ A estrutura do programa formativo ven detallada na Memoria de Grao. Están descritos a denominación de módulos/materias, créditos, organización temporal, carácter obligatorio ou optativo, desenvolvimento de actividades, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, etc. O sistema de avaliación foi tema de reflexión no Centro durante o curso Académico 2013-2014 e estableceuse un máximo na avaliación continua. Na recente modificación da Memoria de Grao proponse este cambio. En concreto, no apartado 5.1 (páginas 31 e 32) da Memoria de Grao engadiuse que o peso da avaliación continua no poderá ser superior ao 40%. Estableceuse este límite despois dun serio debate entre todo o persoal implicado no Grao (Persoa académico, PAS e alumnado). Esta porcentaxe foi aprobada pola Comisión de Docencia, Comisión de Título e pola Xunta de Facultade (celebrada o 11 de Setembro de 2014). Ademais, este porcentaxe do 40% implica a realización obligatoria do exame final por parte de todos os alumnos, tal e como se comprometía o Centro na acción de mellora AM-21 do curso pasado.</li>   <li>❖ Con respecto ao traballo de fin de grao (TFG) foi creada unha comisión específica para esta materia que está redactando unha normativa propia adaptada a nova normativa da USC. Nos cursos 2013-2014 e no actual 2014-2015 foron realizadas xornadas de presentación dos TFGs ofertados polos distintos grupos de investigación que imparten docencia no Grao. Na web estase a actualizar a información referente a esta materia do Grao (<a href="http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/trabajos.html">http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/trabajos.html</a>). Como posible acción de mellora nesta materia temos previsto poñer a disposición dos alumnos, a través da web, dos resúmes de TFGs presentados en anteriores cursos. Tamén pode resultar moi valioso a preparación dunha guía rápida que recolla os aspectos fundamentais da nova normativa de TFG.</li> </ul>							

- ❖ O curso 2013-2014 supuxo un incremento tanto na coordinación horizontal e vertical. Este traballo debe ser continuo e transparente polo que, nestes momentos, estamos a potenciar a información pública dispoñible a través da web. No enlace <http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/grao.html> está dispoñible a relación de coordinadores de cursos e módulos e se irán expoñendo as actas das distintas reunións de coordinación. A implicación do estudiantado na tarefa de coordinación faise a través da súa participación na Comisión de Docencia do Centro onde se debate sobre os resultados da coordinación.
- ❖ Como proposta de mellora necesaria creemos moi importante iniciar novas accións formativas para o alumnado en competencias transversais e potenciar a súa participación. Se programarán dende o Centro accións formativas complementarias relacionadas ca redacción de traballos e presentacións orais. En colaboración co persoal da biblioteca do Centro temos previsto ofertar cursos de busca de bibliografía e manexo de bases de datos. E fundamental recordar ós alumnos a obligatoriedade da obtención do nivel B1 de lingua estranxeira para poder graduarse. Este tema foi explicado no acto de recepción ós novos alumnos no Curso 2014-2015 pero debe reforzarse esta información nos cursos superiores.
- ❖ Os Indicadores más destacados da Planificación das ensinanzas están resumidos na seguinte táboa:

Indicador	Nome	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
IXA-04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	35,0	20,0	40,3	26,3	<b>19,4</b>
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida			3,70	3,65	<b>3,75</b>
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida					<b>3,51</b>
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0	0	2,21	2,43	<b>4,18</b>
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,83	0,83	0,28	0,88	<b>1,33</b>
IN22G-PC-09	Porcentaxe de estudiantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	0	0	0	28	<b>38,6</b>

- ❖ O primeiro indicador da táboa sobre planificación das ensinanzas mostra unha boa tendencia xa que nos últimos cursos hai un maior compromiso do profesorado tendo como resultado un descenso no porcentaxe de actas fóra de prazo (**IXA-04**). Aínda así debemos marcar como obxectivo para os próximos cursos reducir ese porcentaxe á mínima expresión.
- ❖ Neste curso 2014-2015 cúmprese, por fin, o compromiso de comezar a implantar materias en inglés: [http://www.usc.es/gl/centros/quimica/modules/news/news\\_0001.html](http://www.usc.es/gl/centros/quimica/modules/news/news_0001.html).
- ❖ Os resultados sobre satisfacción ca docencia impartida e recibida poden completarse con informes adicionais proporcionados pola Área de Calidade da USC. Se analizamos a satisfacción do alumnado (**IN46G-S01-PM-01**) o dato é positivo para o curso 2013-2014 (3,75) sendo praticamente igual a media das titulación da USC (3,78). A tendencia deste indicador ó longo dos cursos é bastante estable. Como acción de mellora deberíase intentar aumentar a participación do alumnado nestas enquisas (33% no Grao en Química por 31% na USC, indicador **IN48G-PM-02**) xa que dende que se fan vía web (e non de xeito presencial na aula) o porcentaxe de participación é moi baixo. De feito, nos últimos anos, a tendencia é negativa pasando dun 40% de participación no curso 2011-2012 ó 31% actual no curso 2013-2014. Pódese detallar o resultado deste indicador mediante o informe **INF.13** do curso 2012-2013.

**INF.13 Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Curso académico 2012/2013**  
**Grao en Química - G1041V01**

Pregunta	Media
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente	3.97
Cumple co programa e o plan de traballo previsto	4.04
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia	3.52
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)	3.47
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudiantes no desenvolvemento da clase	3.5
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia	3.38
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)	3.5
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	3.61
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	3.9
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	3.49
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes más de un/unha profesor/a nesta materia)	3.61
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudiantes	3.77
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (responde únicamente se as empregaches)	3.57
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia	3.68

Como se observa na táboa o máis valorado polos alumnos é o cumprimento do plan de traballo previsto e do programa por parte dos docentes. Por contra o menos valorado está relacionado coa motivación dos alumnos (*capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións*). Este tema xa se puxo de manifesto nas reunións de coordinación e nunha enquisa interna que se fixo ó final do curso 2013-2014. Durante o próximo curso debe ser tema de reflexión a falta de motivación dos alumnos.


- ❖ O grado de satisfacción do profesorado (**IN47G-S01-PM-01**) tamén é moderadamente positivo para o curso 2013-2014 (3,51) pero algo inferior á media da USC (3,76). Nestes momentos só se dispoñen dos datos do último curso polo que non podemos sacar conclusión sobre a tendencia. Si analizamos o informe do curso anterior (**INF.14**) volvemos a ver que o resultado más negativo ten que ver coa motivación dos alumnos (obtívose un 2,84 de valoración no ítem *As/os estudiantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases*) que non podemos desligar do informe dos alumnos (**INF.13**). Polo contrario o mellor valorado polo profesorado é a coordinación por materia (4,58).

**INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Curso académico 2012/2013**  
**Grao en Química - G1041P01**

Pregunta	Media
1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia	3,04
2. As/os estudiantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	2,84
3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	3,84
4. As/os estudiantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	3,00
5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	3,52
6. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	3,20
7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,38
8. A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responde soamente se hai más de un/unha profesor/a nesta materia)	4,58
9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,04
10. Ilo centro, conta cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia	3,84
Porcentaxe de PDI interesado	
11. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia	84
12. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral	64


- ❖ Como complemento ós datos aportados en forma de indicadores pola USC, dende o propio centro realizouse unha enquisa interna de satisfacción do profesorado ca docencia impartida durante o curso 2013-2014. En base a esa enquisa elaborouse un informe interno do Curso 2013-2014 que foi distribuído entre tódolos coordinadores do Grao. Tendo como referencia os informes de seguimento da ACSUG unha das preguntas que se fixo foi indicar os problemas detectados durante o desenvolvemento do curso. O resultado móstrase na seguinte gráfica:

#### Problemas detectados no desenvolvemento das clases



- ❖ A carga e distribución de traballo para os alumnos ó longo do curso tamén foi tema de debate nas reunións de coordinación, aínda que na enquisa interna máis do 94% dos coordinadores de materia a consideraban axeitada:

¿Cree que a carga e a distribución de traballo para os alumnos foi axeitada?



- ❖ Os indicadores **IN17G-PC-08** e **IN18G-PC-08** refírense a mobilidade e non son positivos. O porcentaxe de estudiantes de Grao en Química enviados a programas de mobilidade e só do 4,18% (o da USC aínda é menor: 3,13%) e o porcentaxe de estudiantes recibidos aínda é más baixo, 1,33% (por 5,94% da USC). Como xa indicamos e razoamos previamente a mobilidade nos recentes cursos é pouco satisfactoria. É necesario incrementar a presenza do Grao en Química da USC tanto a nivel

nacional como internacional. Tomando como referencia o detalle do curso 2013-2014 proporcionado pola Area de Calidade (**INF.03**) os Erasmus proceden só de Italia, Polonia, e Francia. Ademais houbo un alumno dos EEUU. Como acción de mellora para aumentar o porcentaxe alumnos recibidos no Grao en Química proponse a firma de novos convenios con novas Universidades tanto da Unión Europea como de outros continentes, por exemplo en países emerxentes de Sudamérica (Brasil, Chile, etc.).

**INF 03 Procedencia-Destino dos estudiantes participantes en programas de mobilidade. Curso académico 2013/2014**

5065 - Facultade de Química

**1. Mobilidade saínte**

G1041V01 - Grao en Química	Convenios Otras Universidades	AUSTRALIA	1
		Total Convenios Otras Universidades	1
	Erasmus	DINAMARCA	1
		FRANCIA	2
		GRECIA	1
		ITALIA	2
		POLONIA	4
		PORTUGAL	1
		REINO UNIDO	4
		Total Erasmus	15
	SICUE	ESPAÑA	6
		Total SICUE	6
	Total		22

**2. Mobilidade entrante**

G1041V01 - Grao en Química	Convenio con Otras Universidades	AMERICA	AMERICA NORTE	ESTADOS UNIDOS	I.S.E.P.]	1
		Total Convenio con Otras Universidades				1
	Erasmus	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	FRANCIA	Université Pierre Et Marie Curie (paris VI)	1
				ITALIA	Università Degli Studi Di Bari	1
					Università Degli Studi Di Padova	1
				POLONIA	Warsaw University	1
		Total Erasmus				4

- ❖ Un aspecto fundamental nun Grao en Química é a realización de prácticas externas. Non dispoñemos de todos os informes complementarios (**INF.06**, **INF.07**, e **INF.08**) pero o informe **INF.09** do curso 2013 non é significativo porque se basea só en 3 cuestionarios. Os resultados son:

	Media curso	Media global
Grao de cumplimento das expectativas.....	3,00	3,40
Utilidade das prácticas externas.....	2,00	4,11

Consideramos máis axeitado ter en conta os indicadores **IN20G-PC-09**, **IN21G-PC-09** e **IN22G-PC-09**.

- ❖ Durante o curso 2013-2014 fixéronse dúas convocatorias e, como resultado, incrementouse de forma significativa os convenios con empresas. A información e a normativa xeral da USC que rixe ás prácticas externas está dispoñible na web (<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/practicas.html>). O dato obtido é positivo (**IN22G-PC-09**) e un 38,6% dos egresados realizaron prácticas externas en empresas e institucións no curso 2013-2014 superando o 28,0% do curso anterior.
- ❖ O nivel de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (**IN20G-PC-09**) é elevado (3,89) pero só dispoñemos do dato do curso 2013-2014. Este indicador pode resultar moi útil no futuro para tratar de mellorar o programa de prácticas externas e incrementar o número de convenios con empresas e institucións. Non dispoñemos de datos de satisfacción dos titores académicos (**IN21G-PC-09**). Por último a valoración dos alumnos é moi positiva acadando un valor de 4,71 (**IN19G-PC-09**).

## BOAS PRÁCTICAS

- Incrementar información pública da labor de coordinación levada a cabo polos coordinadores de módulo e curso.
- Lembrar ó profesorado a importancia da implicación nos procesos de xestión do centro, coma por exemplo a firma de actas ó final de cada semestre.
- Incentivar a participación de alumnos e docentes nas enquisas satisfacción da docencia recibida e impartida.
- Facer más visible na web do centro a tarefa investigadora dos grupos de investigación que participan na docencia do Grao. O obxectivo é destacar publicamente o recoñecido prestixio

investigador do persoal docente interno e externo implicado nos TFG e prácticas externas.

- Actualización na páxina web do Grao do apartado de ofertas de traballo para os estudiantes egresados ([http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/orientacion\\_grao.html](http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/orientacion_grao.html)).
- Recordar ós alumnos a obligatoriedade da obtención do nivel B1 de lingua estranxeira para poder graduarse. Este tema foi explicado no acto de recepción ós novos alumnos no Curso 2014-2015 pero debe reforzarse esta información nos cursos superiores.


**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- ✚ Aprobar a normativa de Traballo fin de Grao (TFG). Mellorar a información pública dispoñible da materia TFG.
- ✚ Iniciar novas accións formativas para o alumnado en competencias transversais e potenciar a súa participación.
- ✚ Necesidade de continuar aumentando o número de convenios con empresas e institucións para a realización de prácticas externas.
- ✚ Obter maior información dos egresados do Grao en Química mediante mecanismos de consulta externos e internos para coñecer o nivel de satisfacción das prácticas externas en empresas e institucións.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**



3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO						
6. Recursos humanos						
<p>Valorarase o criterio de “Pessoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</p>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ A relación de indicadores que fan referencia ós recursos humanos móstranse na seguinte táboa.</li> </ul>						
Indicador	Nome	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
IN24G-PS-01	Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	86,7	86,9	92,9	95,9	<b>94,4</b>
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	100,0	100,0	97,7	99,0	<b>99,1</b>
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	86,7	86,9	90,6	89,8	<b>86,9</b>
IN30G-PS-01	Ratio de estudiantes por profesor a tempo completo	4,0	4,0	4,3	4,6	<b>4,9</b>
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	58	60	74	67	<b>76</b>
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva			30	31	<b>33</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Os primeiros indicadores da táboa mostra a adecuación do profesorado que imparte a docencia no título. Os indicadores <b>IN24G-PS-01</b> (94,4%) e <b>IN25G-PS-01</b> (99,1%) son moi positivos mostrando unhas porcentaxes moi superiores de PDI con sexenios e PDI doutor á media da USC (59,7% e 85,0% respectivamente). No caso do terceiro valor que mostra o porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (<b>IN26G-PS-01</b>), aínda que tamén é moi positivo, apreciase un descenso nos últimos dous cursos dende o 90,6% ata o 86,9%. Este descenso é consecuencia da actual taxa de reposición no SUG e na USC. De tódolos xeitos tamén é superior á media da USC (66,7%).</li> <li>❖ Co obxecto de contribuír a establecer planes de mellora sobre a planificación das ensinanzas ó final do curso 2013-2014 realizouse unha enquisa interna onde se analizaron ítems sobre o profesorado complementarios ós mostrados na anterior táboa. Por exemplo, sobre a forma de desenvolver a</li> </ul>						

docencia preguntouse o tipo de tarefas que se realizaban nas clases interactivas. O resultado móstrase na seguinte gráfica:



- ❖ Non se dispoñen para o curso 2013-2014 de datos relativos á mobilidade do profesorado nin de participación (voluntaria) de PDI avaliado mediante o programa Docentia. Debería incentivarse a participación do profesorado no programa Docentia.
- ❖ A variación do rateo de estudiantes por profesor veuse incrementada dende 4 (cursos 2009-2010 e 2010-2011) ata 5 (curso 2013-2014). Cabe esperar que esta tendencia siga nos próximos anos debido a elevada idade media do profesorado da USC en comparación co profesorado de outras universidades do SUG e a escasa renovación do profesorado.
- ❖ A media de alumnos por grupo de teoría e de grupos de docencia interactiva mostra un incremento que é máis apreciable nas seguintes gráficas. Ademais os valores son moi superiores á media da USC: 49 alumnos en clases expositivas e 22 alumnos en clases interactivas.


- ❖ No próximo curso 2014-2015 está programado un novo ciclo de conferencias na Facultade dirixido ós alumnos do Grao o que debería incrementar a presenza de profesorado externo vinculado ó Grao. Se pretende achegar aspectos científicos, adaptados os alumnos de Grao



O aumento observado é especialmente preocupante no caso da docencia interactiva, pilar fundamental dos Graos adaptados ó Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). No caso do grao en química grupos de docencia interactiva superiores a 25 alumnos (no curso 2013-2014: 33 alumnos) son contraproducentes e dificultan a calidade da docencia. Unha avaliación continua seria do alumno é moi complicada en grupos de máis de 25 alumnos. Incluso os recursos materiais dispoñibles non son os adecuados debido a que moitas das aulas de seminarios non teñen capacidade para tal cantidade de alumnos.


- ❖ O incremento do número de alumnos por grupo tamén ten un efecto negativo sobre a docencia práctica xa que, especialmente nos primeiros cursos onde hai maior número de alumnos repetidores, é moi complicado organizar os grupos de prácticas de laboratorio. No informe interno do Centro do Curso 2013-2014 xa se intentou analizar este problema e na seguinte gráfica se mostra os resultados.

¿A distribución do grupo de prácticas foi axeitado?



- ❖ A MVT contempla participación de bolseiros de investigación en tarefas de colaboración docentes. En colaboración cos departamentos implicados na docencia, debería actualizarse o listado de bolseiros de xeito periódico xa que é un número moi variable. A figura de monitores de prácticas, moi valiosa como apoio nas prácticas de laboratorio, non existe nestes momentos xa que a USC non presentou novas convocatorias nos últimos cursos. Dende o goberno do centro demandarase a recuperación desta figura de apoio docente.
- ❖ A satisfacción do persoal implicado na docencia en Grao cas actividades de formación desenvolvidas non está disponible (indicadores **IN27-PS-01**, **IN28-PS-01** e **IN29-PS-01**). Si temos os informes complementarios con datos conxuntos da USC, tanto de PAS (**INF.11**) coma de PDI (**INF.10**).
- ❖ O informe **INF.11** correspondese co ano 2012 indica uns bons resultados de satisfacción do PAS ca formación recibida. Hai unha boa avaliación da organización, obxectivos e percepción da aprendizaxe (case sempre superior a 3,6 nunha escala de 1 a 5). O aspecto que se debería mellorar é a información recibida previa ó inicio do curso (3,3). A valoración media é de 4,09 e o 74% dos


enquisados recomendarían os cursos a outros compañeiros. Como acción de mellora que se pode sugerir á USC, xa que neste caso non depende do centro, está o fomento da participación deste colectivo no cursos de formación. A seguintes figuras resumen os resultados e a tipoloxía dos entrevistados:




	Valoración media	%1	%2	%3	%4	%5	% non responde
Satisfacción global	4,09	0,7	4,8	16,1	39,3	36,2	2,9

Escala desde 1(nada satisfeito/ta) ata 5/moi satisfeito/ta)

**Recomedaríalle vostede a outros compañeiros/as que se matriculasen neste curso?**



- ❖ O informe **INF.10** mide a satisfacción do PDI cas actividades formativas do ano 2013. A valoración media é moi elevada (4,42) e o 90% dos enquisados recomendarían o curso a outros compañeiros. A seguintes figuras resumen os resultados e a tipoloxía dos entrevistados:




#### Bloque IV.- Satisfacción global e recomendación do curso

	Valoración media	%1	%2	%3	%4	%5	% non responde
Satisfacción global	4,42	0,5	1,3	8,4	33,8	52,8	3,3

Escala desde 1(nada satisfeita/ta) ata 5(moi satisfeita/ta)

Recomendaríalle vostede a outros compañeiros/as que se matriculasen neste curso?



- ❖ Os informes **INF.11** e **INF.10** están realizados con datos globais da USC. Non se coñecen datos a nivel de centro polo que se debe intentar facer enquisas a nivel interno para comparar os datos do profesorado e PAS do Grao en Química cos da USC.

#### BOAS PRÁCTICAS

- Dentro da tarefa de coordinación horizontal e vertical continuar realizando breves enquisas internas, como no curso 2013-2014, para cubrir aspectos que non poden cubrir pola Area de

calidade da USC e que sen embargo se nos pide dende a ACSUG como, por exemplo, a forma de desenvolver a docencia por parte do profesorado.

- Incluír na páxina web os datos relativos á categoría, quinquenios, sexenios e proxectos do profesorado así como divulgar as actividades de investigación realizadas polo profesorado.
- Actualizar o listado de bolseiros dispoñible para colaboración en aspectos docentes do Grao.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- ✚ A satisfacción do persoal implicado na docencia en Grao cas actividades de formación desenvolvidas non está dispoñible. Os indicadores dispoñibles son globais a nivel de toda a USC. Enquisas propias axudarán a para avaliar este ítem.
- ✚ Incrementar a presenza de profesorado externo vinculado ó Grao mediante a creación dun novo ciclo de conferencias.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Os recursos materiais, infraestruturas e servizos son os adecuados para á impartición do título. A reflexión debémola facer en base ós Informes complementarios <b>INF.01, INF02, INF.09 e INF.14</b>.</li> <li>❖ Os recursos informáticos para o desenvolvemento da docencia (<b>INF.01</b>) son suficientes pero, como é normal, o mantemento e renovación dos equipos é continua e necesaria. O material docente é unha prioridade para o Centro e, probablemente, sexa necesario ampliar o número de ordenadores portátiles para clases expositivas dado o deterioro dos equipos agora dispoñibles. En canto ó material dispoñible para os alumnos hai que valorar positivamente a dispoñibilidade da Aula Universia a poucos metros da Facultade.</li> </ul>							
<b>INF. 01 RECURSOS INFORMÁTICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA CURSO 2012/2013</b>							
<b>Código centro</b>	<b>Nome Centro</b>		<b>Non para docencia</b>	<b>Para docencia</b>	<b>Total xeral</b>		
5065	Facultade de Química		9	65	74		
9999	Aula Universia Campus Vida Santiago		40	0	40		
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ O informe <b>INF.02</b> proporcionáns nos datos sobre os recursos bibliográficos dispoñibles no Centro e a evolución dos últimos cursos. O número de monografías en papel foi aumentando, como cabe esperar, nos últimos cursos mentres que as publicacións periódicas en papel mantivéronse constantes. Os datos son moi positivos e, de feito, a biblioteca é un dos servizos mellor valorados polos docentes (<b>INF.14</b>) e polos egresados (<b>INF.09</b>). Consideramos menos positiva a diminución no número de publicacións periódicas electrónicas dispoñibles. Este número diminuíu de 72 no ano 2009 a só 17 no ano 2013. O acceso á revistas en formato electrónico é algo habitual na</li> </ul>							

investigación de hoxe en día é moi importante para materias coma o TFG.

IN36-PS-02. FONDOS BIBLIOGRÁFICOS (1)								
Biblioteca (Centros)	Ano	En papel		Material non librario (3)	Electrónicos (4)			
		Monografías	Periódicas (2)		Monografías	Periódicas	Bases de datos	Outros
<b>Química</b>	2009	15840	665 (62)		906		72	
	2010	16081	665 (62)		933		72	
	2011	16270	665 (54)	1001			35	
	2012	17332	674 (40)		860		19	
	2013	17535	663 (16)		906		17	

(1) FONDOS BIBLIOGRÁFICOS recolle os fondos propios da Universidade por Biblioteca. Os centros que non disponen de biblioteca propia poden referenciarse aos valores xerais da Universidade e/ou campus dado que o servizo está garantido a toda a comunidade universitaria.

(2) Entre paréntese recóllese as publicacións periódicas activas.

(3) O material non librario recolle os mapas, fotografías e diapositivas, microformas, rexistros sonoros, videos e DVDs, CD-ROMs

(4) Recóllense os recursos activos de pago no caso das monografías, periódicas e bases de datos

(5) BUGALICIA é o Consorcio de Bibliotecas das Universidades do Sistema Universitario de Galicia. A información presentada recolle os datos dos recursos electrónicos compartidos entre as tres universidades galegas.

(6) Da biblioteca Intercentros Santiago (Fac. de Filosofía, Fac. de CC. da Educación, Fac. de Psicoloxía) separouse no ano 2012 a nova biblioteca de Filosofía.

Data de referencia da información: 18/07/2013

Documentación de referencia:

Programa FIDES. Indicador 12 (ACSUG)

SGIC marco USC. PM-01 Medición, análise e mellora

- ❖ Segundo no análise dos recursos bibliográficos (**INF.02**) dispoñibles a través de Bugalicia observamos tamén un menor número de recursos electrónicos e bases de datos dispoñibles:

BUGALICIA (5)			
	Recursos Electrónicos		
Ano	Monografías	Periódicas	Bases de datos
2009	18831	18846	90
2010	16379	19090	52
2011	18058	20139	26
2012	18058	16717	24
2013	20275	18125	25

- ❖ Si recordamos a parte do informe **INF.14** da enquisa de satisfacción do profesorado referida únicamente a recursos materiais, a valoración é positiva:

**INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Curso académico 2012/2013**  
**Grao en Química - G1041P01**

9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,04
10. No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia	3,84

- ❖ O informe da enquisa de satisfacción de egresados 2013 (**INF.09**) proporcionado pola Área de Calidade indica unha boa opinión cos recursos materiais pero unha vez debemos recordar o baixo número de enquisas realizadas.

**Satisfacción dos/as egresados do título cos recursos materiais e servizos do centro**

	Media curso	Media global
Aulas de clase.....	3,00	3,46
Aulas de informática.....	2,67	3,06
Laboratorios.....	4,00	3,46
Biblioteca.....	4,00	3,99
Cafetaría/Comedor.....	3,33	3,60
Conserxaría.....	4,00	3,81
Decanato.....	2,00	3,17

*Escala de valoración desde 1(Nada de acordo) ata 5(Moi de acuerdo)*

- ❖ Na memoria de Grao modificada revisouse e actualizouse a descripción dos espazos do centro dispoñibles para a docencia. Foi substituída a numeración numérica polo nome das aulas e laboratorios. Ademais actualizouse a información do equipamento audiovisual destes espazos. Na información pública dispoñible na web (<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/infraestructuras.html>) foron actualizadas as informacións de infraestruturas.
- ❖ O aumento de número de alumnos por grupo de docencia interactiva, que xa comentamos no apartado de recursos humanos, da lugar a problemas de capacidade de aulas. E necesario unha reflexión neste tema xa que nos próximos cursos vai a ser moi complicado programar este tipo docencia.

- ❖ O material audiovisual dispoñible nas aulas precisa tamén dun mantemento constante. Ademais, como resultado dunha acción de mellora solicitada polo Centro para a impartición da docencia do Master, nun breve espazo de tempo disporemos dunha aula de docencia de tamaño medio adaptada para impartir docencia por videoconferencia.
- ❖ A seguridade e plans de emerxencia e evacuación do edificio debe ser revisada e mellorada. Esta é unha das acción de mellora que debemos propoñer para o próximo curso.
- ❖ Existen de deficiencias de infraestruturas que necesitan la aprobación e o pulo económico da USC. É necesario elaborar un Plan Director de Reforma do Centro. De tódolos ó final do curso 2013-2014, dende a dirección do centro xa se deu a coñecer á Oficina de Xestión de Infraestruturas da USC os problemas mais urxentes, en materia de seguridade e laboratorios de prácticas, e existe o compromiso de solucionalos nos próximos meses.

#### **BOAS PRÁCTICAS**


- Mantemento e actualización do material audiovisual dispoñible nas aulas.
- Revisión periódica na web de información detallada das infraestruturas e servizos. (<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/infraestructuras.html>). Publicación dos diferentes planos así como información concreta acerca da superficie, capacidade e dotación dos centros, e a dispoñibilidade dos espazos no centro.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- A seguridade e plans de emerxencia e evacuación do edificio debe ser revisada e mellorada.
- Redacción do Plan de reforma do Centro para a súa posterior aprobación polo goberno da USC.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO																																							
8. Resultados previstos																																							
<p>Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.</p>																																							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio																																							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D																																
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:																																							
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ De modo xeral pódese afirmar que os resultados de aprendizaxe son bons e, polo tanto, faise unha valoración positiva da adquisición das competencias. Xa se comentou en apartados anteriores a satisfacción dos grupos de interese implicados no Grao cos resultados académicos obtidos. Atopamos evidencias dunha menor motivación dos alumnos que debería corrixirse propoñendo novas accións de mellora. Se debe seguir insistindo na importancia de relacionar os resultados da aprendizaxe coas competencias adquiridas. Para elo debemos fomentar a revisión e actualización continua das metodoloxías de ensinanza.</li> <li>❖ Os indicadores más importantes para analizar os Resultados do aprendizaxe son as taxas de rendemento, abandono, eficiencia, graduación e éxito. Debemos ter en conta estas taxas por título, e incluso por materias, para a mellora e revisión do plan de estudos. Na seguinte táboa móstrase a evolución da Taxa de Rendemento (<b>IN34G-S01-PM-01</b>), Taxa de Éxito (<b>IN35G-S01-PM-01</b>) e Taxa de Avaliación (<b>IN36G-S01-PM-01</b>) por curso.</li> </ul>																																							
<table border="1"> <thead> <tr> <th>Indicador</th><th>Nome</th><th>2009-2010</th><th>2010-2011</th><th>2011-2012</th><th>2012-2013</th><th>2013-2014</th><th>USC</th></tr> </thead> <tbody> <tr> <td>IN34G-S01-PM-01</td><td>Taxa de rendemento</td><td>66,41</td><td>64,11</td><td>61,32</td><td>65,93</td><td>63,52</td><td>76,89</td></tr> <tr> <td>IN35G-S01-PM-01</td><td>Taxa de éxito</td><td>81,2</td><td>74,45</td><td>69,18</td><td>69,96</td><td>69,79</td><td>85,95</td></tr> <tr> <td>IN36G-S01-PM-01</td><td>Taxa de avaliação</td><td>81,78</td><td>86,1</td><td>88,65</td><td>94,24</td><td>91,01</td><td>89,46</td></tr> </tbody> </table>								Indicador	Nome	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	USC	IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	66,41	64,11	61,32	65,93	63,52	76,89	IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	81,2	74,45	69,18	69,96	69,79	85,95	IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliação	81,78	86,1	88,65	94,24	91,01	89,46
Indicador	Nome	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	USC																																
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	66,41	64,11	61,32	65,93	63,52	76,89																																
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	81,2	74,45	69,18	69,96	69,79	85,95																																
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliação	81,78	86,1	88,65	94,24	91,01	89,46																																
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Como se aprecia na seguinte figura, a taxa de rendemento mostra una tendencia constante de máis o menos o 65%, pero que é inferior a media da USC (77%):</li> </ul>																																							



Analizando esta taxa por cursos observamos como é superior nos cursos terceiro e cuarto que nos cursos iniciais. A taxa de rendemento defínese como a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudiantes e o número total de créditos en que se matricularon. O menor valor nos primeiros curso está relacionado cos indicadores **IN40G-S01-PM-01** e **IN41G-S01-PM-01** que miden a Taxa de abandono.

- ❖ As seguintes figuras detallan a taxa de éxito por curso académico e por curso do Grao. Nos últimos 3 anos a tendencia é a estabilizarse no 70% valor inferior a media da USC. Probablemente a comparativa debería realizarse ca taxa de éxito da media das titulación en Ciencias da USC.



- ❖ Nas seguintes táboas detallamos a Taxa de éxito por materias, empregando o informe **INF.16** proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos.
- ❖ En primeiro curso as taxas de éxito foron moi boas nas 4 Químicas Xerais (unha media do 74%) e en *Estatística Aplicada e Informática para Químicos* (86%). Por contra as taxas más baixas obtivérонse

nas materias *Matemáticas II* (53%) e *Física I* (57%). No curso 2013-2014 fíxose unha modificación dos contidos da materia *Estatística Aplicada e Informática para Químicos* que supuxo simultaneamente un aumento dos contidos de *Matemáticas II*. Nas reunións de coordinación e nas comisións de Grao e Docencia analizáronse os resultados destas materias e decidiuse volver ós contidos que se estaban impartindo nos catro cursos previos a 2013-2014. En calquera caso é necesario seguir facendo un seguimento de tódalas materias para mellorar os valores destas taxas.

Primeiro Curso	
Materia	Taxa de Éxito
G1041101 - Física I	56,99%
G1041102 - Matemáticas I	62,80%
G1041103 - Química Xeral I	87,88%
G1041104 - Química Xeral II	71,52%
G1041105 - Estatística Aplicada e Informática para Químicos	86,11%
G1041106 - Bioloxía	70,63%
G1041107 - Física II	79,08%
